



O ensino na Galiza ao serviço da espanholização da juventude

Maio de 2007

Afonso Mendes Souto (militante independentista)

Se antes a situación non era mellor o caso é que desde o 83, que se aprovara a lei de normalización lingüística, o paso polas aulas de ensino do noso país implica máis un elemento desgaleguizador e portanto elemento executor de un modelo de ensinanza que nos é alheio e portanto inimigo.

A situación non melhora substancialmente polo facto de o PP ter abandonado o goberno da Xunta en favor do bipartido PSOE-BNG. En contra do que manifestou Tourinho o 25 de Abril, negando-se a asumir responsabilidades e dando unha reviravolta ao relatório presentado polo Consello Escolar da Galiza onde se fala de incumprimento da lei de normalización lingüística Tourinho afirma que isto é unha "herdanza do pasado" mas que nada tem a ver con a situación actual e di en tempo pretérito que "o informe constata que nem sequer se estaba a cumprir a normativa naquelas cadeiras em que o galego é obrigatorio, polo que a normalización que a lei preconiza estaba muito longe de conseguir-se".

Segundo informa o Galicia Hoxe na pasada sexta-feira 4 de Maio e apelando a unha das conclusións da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística do Salnés, que fala da dispoñibilidade e da mobilidade de certo profesorado competente para levar poder cumprir a lei, O paso polas escolas afasta a mocidade de falar galego.

Como se pode ver isto non é un País serio nem pretende sê-lo pola parte de quem está nas institucións, quando todo o mundo sabia que este problema existia, hoje o único que se fai ao respeito e lançar bolas fora e portanto fazer motejo de quem sim se importa com esta questom.

O problema é estrutural, há que criar mecanismos que dotem o ensino galego de pessoal competente e aplicar a lei com quem non a cumprir.

Por desgraza vivemos num país onde inclusivamente em matéria legislativa há incumpridores "pata negra", quer dizer, que um funcionario pode ministrar, mesmo, as aulas de língua e literatura galega em espanhol, como se vem passando de toda a vida em determinados centros de ensino, que non vai ter problema legal nengum, porém se um/ha jovem no desemprego realiza por exemplo um mural denunciando esta situación com certeza pode ter de pagar unha multa se fosse vist@ polas forças repressivas que agem na Galiza, isto, igual que o incumprimento da lei de normalización lingüística é sistemático entre a juventude galega organizada.

Porém, e precisamente pola falta de interesse e compromiso do bipartido, também hoje, com o PP fora de cena no goberno também a nossa luta se fai necessária, e a necessidade cria a possibilidade de mudançã da realidade.